

Texto: **ROSALÍA DE CASTRO**

Ilustracións: **BELÉN PADRÓN**

Encadernado en cartóné. Colección Trece Lúas

Selección de textos: Manuela Rodríguez

64 páxinas. Formato despregable. 15x23,5 cm.

ISBN 978-84-96957-29-9

Prezo: 15 €

## ROSALÍA DE CASTRO

ESCOLMA POÉTICA

**A lúa, ese ser cambiante  
que muda a súa cara de espello circular.  
Señora das mareas, astro de fecundidade.  
Ritmos lunares para dar medida ao tempo,  
ao tempo poético.**

Fráxil e profunda, Rosalía de Castro transitou pola vida con palabras de revelación e misterio, de xeito adverso. Nun país sen voz propia, foi a primeira en atopar o nome non escrito das nosas cousas. Os libros "Cantares gallegos" e "Follas novas", aos que pertencen os poemas desta escolma, son textos reivindicativos, que enxalzan a terra, a muller galega, os nenos, os vellos, os desposuídos... A poeta muller nunha Galicia analfabeta no seu idioma, a muller orfa de nenez, de saúde precaria e agoniada polas penas, que asumiu a defensa e canto do país, é un mito das letras e da galegitude, en calquera recuncho do mundo.


Belén Padrón dálle forma e cor a cada poema, plasmando nas súas ilustracións a súa visión do imaxinario 'rosaliano'. Imaxes de contido onírico e simbólico, sobre o desamor, a morriña, a beleza da paisaxe, a vida da paisaxe, as inxustizas sociais, a saudade, o desacougo interior... Un libro que se pode expoñer na casa aberto nunha mesa, nun atril... para que ao pasar, os seus versos e estampas nos enchan coa súa presenza.

### ROSALÍA DE CASTRO (Santiago, 1837 - Padrón, 1885)

Iniciou a súa formación na Sociedade Económica de Amigos do País e frecuentou o Liceo da Xuventude, onde estivo en contacto cos intelectuais da época. Casou co galeguista Manuel Murguía en 1858 e comezou a escribir os seus primeiros poemarios. A publicación de "Cantares gallegos" en 1863 marcou o inicio do primeiro Rexurdimento galego, nun momento de esperanza no futuro, que crebou co fracaso da Revolución do 68 e a Restauración. As dificultades económicas e as diverxencias entre o galeguismo progresista, que defendía Murguía, fronte ao conservador de Lamas Carvajal, afastárona das súas colaboracións na prensa galega. O seu derradeiro poemario galego, "Follas Novas", publicouse na Habana e Madrid en 1880. O seu legado literario contén unha importante obra en español, tanto poética, como narrativa. Os seus restos repousan no Panteón de Galegos Ilustres. No centenario da publicación de "Cantares gallegos" a Real Academia Galega consagrou o 17 de maio á celebración do Día das Letras Galegas, que lle foi adicado na súa primeira edición.

### BELÉN PADRÓN (Oviedo, 1976)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, acadou o Premio Extraordinario de Fin de Carreira. Na actualidade vive en Lanzarote, onde concilia o seu labor artístico co docente. Ten exposto en diversas cidades dentro e fóra de Galicia -onde ten as súas raíces- e a súa obra forma parte de numerosas coleccións públicas e privadas. Ademais, ilustrou varios libros para editoriais como KALANDRAKA. Entre outros, acadou un premio adquisición no II Premio Nacional de Pintura Fundación María José Jove no 2007, e o 1º Premio de Pintura Eixo Atlántico no 2000. Ademais de bolsas como a de Novos Valores da Deputación de Pontevedra, a Beca Talens de Barcelona ou a Bolsa de Paisaxe do Balneario de Mondariz en 1999.



- **Temática:** escolma -13 poemas- da obra poética de Rosalía de Castro
- **Idade recomendada:** dende 8 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións creadas a partir da lectura de cada poema; inclúe un apartado coa versión orixinal dos poemas; edición en colaboración coa Fundación Rosalía de Castro
- **Índice poético:** Nasín cando as prantas nasen - Maio Longo - Adiós ríos, adiós fontes - Mais ve que o meu corazón - Pra a Habana - Soia - Cando penso que te fuches - Campanas de Bastavales - Que pasa ao redor de min - Unha vez tiven un cravo - Tecín soia a miña tea - Tal como as nubes - Cando era tempo de inverno